

## CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA A PROGRAMACIÓN DO 1º SEMESTRE DE 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais

#### **DECLARA que,**

a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de asinar os convenios da Rede Galega de Teatros e Auditorios por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2025 coas seguintes entidades locais:

Concello de Pontevedra e Concello de Vimianzo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*“A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver nos espazos escénicos de cada localidade e nas condicións especificadas no convenio.”*

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

*“Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.”*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data que figura á marxe.

